



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### LOUSAME

*Aprobación inicial do “Inventario de Vías e Bens Inmóbles” do Concello de Lousame*

*Aprobación inicial do “Inventario de Vías e Bens Inmóbles” do Concello de Lousame.*

O Pleno Corporativo do Concello de Lousame, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15/04/2025, aprobou inicialmente o documento denominado “Inventario de Vías e Bens inmóbles do Concello de Lousame”, nos termos que foi confeccionado.

Do mesmo xeito, acordou expoñer o expediente ao público por un prazo de 60 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de edictos da sede electrónica.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, entenderase elevada a definitiva a aprobación do documento denominado “Inventario de Vías e Bens inmóbles do Concello de Lousame”. No caso da existencia de reclamacións ou alegacións, estas serán resoltas polo Pleno Corporativo, procedendo á aprobación definitiva do documento.

Aprobado definitivamente o documento, xa sexa de xeito expreso ou tácito, será remitido á Comunidade Autónoma e ao Estado, no cumprimento do establecido no artigo 86 do TRRL e artigo 32 do RBEL.

Finalmente, procederase á inscrición dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza, no Rexistro da Propiedade, de acordo co previsto no artigo 36 do RBEL.

Lousame, a 16 de abril de 2025

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

2025/2472